

## FINAL DE CURSO

### (INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO E AS FAMILIAS)

#### ENTREGA DE BOLETÍNS E RECOLLIDA DE LIBROS

- As notas entregaranse o **mércores 24** na aula de grupo, seguindo este horario:
  - 10:00 h.: 1º Bacharelato (neste nivel non se recollerán libros)
  - 10:00 h.: 4º ESO
  - 11:00 h.: 3º ESO
  - 12:00 h.: 2º ESO
  - 13:00 h.: 1º ESO
- Prégase **PUNTUALIDADE** ao alumnado, para poder recoller os libros con axilidade.
- A cada alumno/a entregáraselle:
  - Boletín de **calificacións**
  - **Sobre de matrícula** do curso seguinte (só ao alumnado que aprobe tódalas materias)
- A cada alumno/a de ESO recolleráselle:
  - **Libros de texto mercados co cheque** (só os das materias aprobadas: os das suspensas levaranse para estudar no verán e se recollerán con este mesmo procedemento á entrega das notas en setembro).  
Non se entregarán as notas se o alumno/a non entrega os libros da lista.  
O titor/a comprobará o estado dos libros e non os recollerá se están en mal estado.
  - **Libros de texto non mercados co cheque**: pódense entregar de xeito voluntario.
- ESTÁ COLOCADA NA AULA UNHA LISTA DO ALUMNADO COS LIBROS QUE MERCOU CADA UN CO CHEQUE, E QUE TEN A OBRIGA DE DEVOLVER.
- En todo caso, RECOMENDAMOS QUE O ALUMNO LEVE TODOS OS LIBROS O DÍA DA ENTREGA DE NOTAS, porque non sabe as materias que aproba (e debe entregar o libro delas nese mesmo momento).


## ENTREGA DE LIBROS DO FONDO SOLIDARIO

- Seguindo as instrucións establecidas pola nova normativa, entregaranse ao inicio de curso en setembro, despois da publicación da lista de alumnos/as aos que se lles adxudica lote de libros. Manteremos informadas ás familias.
- Os lotes adxudicaranse por prioridade segundo a renda per cápita e outras circunstancias especiais establecidas na normativa.
- Pódese consultar a normativa no sitio web do centro.

## MATRÍCULA

- O período de matrícula é do **25 de xuño ao 10 de xullo**.
- Recordamos que na ESO e Bacharelato é obrigatorio matricularse anualmente (a diferenza de en Primaria, que non era necesario).
- No caso do alumnado menor de idade, son os pais, nais ou titores/as legais os que deberán asinar os impresos.
- Dentro do sobre de matrícula está toda a información sobre a documentación a entregar.

O Director,



A handwritten signature in black ink, appearing to be 'Íñigo Barreiro García'.

Asdo.: Íñigo Barreiro García